

# SETEMBRO/OUTUBRO <sup>2019</sup>

NENAS / NENOS / ACTIVIDADES / EN GALEGO



## SETEMBRO

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17 <small>Nano vai á escola!</small>	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30					<small>Crianza musical</small>	

## OUTUBRO

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
	1	2	3	4	5	6
		<small>Tardes xogantinas de outono</small>				
7	8	9	10	11	12	13
		<small>Tardes xogantinas de outono</small>	<small>Danza creativa en familia</small>		<small>Galicreques</small>	<small>Galicreques</small>
14	15	16	17	18	19	20
<small>Galicreques</small>	<small>Galicreques</small>	<small>Galicreques</small> <small>Tardes xogantinas de outono</small>	<small>Galicreques</small>	<small>Galicreques</small>	<small>Galicreques</small>	<small>Galicreques</small>
21	22	23	24	25	26	27
		<small>Tardes xogantinas de outono</small>				<small>Os romeiros do caracol</small> <small>Canta, miña pedra, canta</small> <small>Contos para un mundo mellor</small>
28	29	30	31			
	<small>Arrollos para acolar</small>	<small>Tardes xogantinas de outono</small>				

## Nano vai á escola!

Raquel Queizás

Martes 17 de setembro ás 17.30 h  
CSC do Ensanche



Nano é unha ra pequena, unha ra que vive cada día unha nova aventura porque, cando se é tan pequeno, ata as cousas máis sinxelas se converten en todo un reto. Desta volta Nano comeza a etapa escolar e é así como vai descubrindo que, desde ese lugar tan diverso, a seguridade de ter personalidade e lingua propia van ser un gran apoio.

De 1 a 6 anos  
25 prazas. Inscripción entre o 1 e o 10 de setembro en [dlg@santiagodecompostela.gal](mailto:dlg@santiagodecompostela.gal).

## Crianza musical

Leticia Falcón

Sábado 28 de setembro ás 11 e ás 12 h  
CSC do Ensanche



Obradoiro introdutorio e práctico para achegar materiais musicais e ferramentas básicas coas que traballamos na casa.

De 0 a 3 anos  
15 prazas por sesión. Inscripción entre o 15 e o 23 de setembro en [dlg@santiagodecompostela.gal](mailto:dlg@santiagodecompostela.gal).

## Tardes xogantinas de outono

Xandobela

Os mércores lectivos de outubro de 18 a 19.30 h  
EEL María Miramontes. As Fontiñas



Xoguetoloxía, xogos predeportivos, populares tradicionais, coa lingua e a tradición oral, de enxeño e intelixencia, musicais, bailados... e un laboratorio xogantín para pasarmos un tempinho socializando en galego a través do xogo.

De 3 a 6 anos  
Inscripción por orde de chegada na recepción do centro 10 minutos antes do comezo de cada sesión. 15 prazas.

## Danza creativa en familia

Xanzá Movemento Ecocreativo

Xoves 10 de outubro ás 17 e ás 18 h  
CSC do Ensanche



Obradoiro en que se aprenderá a conectar coas crianzas a través dos aloumiños, da respiración, o baile, a música, o xogo... Crearase un espazo onde o corpo e a palabra se van acompañar da música, o movemento e a creatividade para reforzar o apego e integrar a lingua.

- 20 meses (ás 17 h) / + 20 meses (ás 18 h)  
12 prazas por sesión segundo a idade.  
Inscripción do 25 de setembro ao 3 de outubro en [dlg@santiagodecompostela.gal](mailto:dlg@santiagodecompostela.gal).

## Festival Internacional Galicreques 2019

Do sábado 12 ao domingo 20 de outubro



Toda a información proximamente en [titerescachirulo.com/galicreques](http://titerescachirulo.com/galicreques)

## Arrolos para acolar

Ugia Pedreira

Martes 29 de outubro ás 17.30 h  
CSC do Ensanche



Obradoiro para traballar o movemento, o ritmo, a respiración, os cantos... para arrolar e gozar do colo.

Recoméndase levar unha esteira ou manta para o chan e papel e bolígrafo para anotar.

Nais e pais con crianzas de 0 a 3 anos e educadoras en xeral.  
15 prazas Inscripción do 10 ao 20 de outubro en [dlg@santiagodecompostela.gal](mailto:dlg@santiagodecompostela.gal)



## Os romeiros do caracol

Fantoches Baj

Domingo 27 de outubro ás 12.30 h  
CSC de Conxo



Inácio Vilariño e Carlos Quintá fan o percorrido xa de volta a Santo André de Teixido nunha caravana-caracol con forma de teatriño de monicreques no que contan historias e cantan cancións asociadas á tradicional peregrinaxe ao santuario cedeirés.

+ 3 anos

## Canta, miña pedra, canta

Xoán Curiel e Charo Pita

Domingo 27 de outubro ás 18 h  
CSC do Romaño



Contos e cancións para renderlle homenaxe a Antonio Fraguas arredor dos relatos populares galegos e máis cancións que o autor homenaxeado nas Letras Galegas 2019 recolleu nas súas *Aportacións ao Cancioneiro de Cotobade*.

+ 3 anos

## Contos para un mundo mellor

Gloria Mosquera e Diego Maceiras

Domingo 27 de outubro ás 18 h  
CSC de Nemenzo



Contos e cantos nos que se tratan temas como o medo, o coidado da natureza, o acoso escolar, o saber dicir "non"... para facer reflexionar sobre a importancia da empatía, da prudencia, da superación persoal, da cooperación e da responsabilidade como necesarios mecanismos de paz e felicidade.

+ 2 anos

Despois de cada espectáculo haberá degustación de doces do outono.  
Entrada libre ata completar a capacidade da sala

# AS SETE PORTAS

*É un bo título para un conto, non vos parece? Este comezo de outono traémosvos unha actividade para facerdes en familia que ben se pode encetar cun conto:*

*Hai moitos, moitos anos, a cidade de Compostela estaba protexida por unha alta muralla...*

Neste punto as crianzas han estar cos ollos moi abertos e devecendo por saber máis.

Animámosvos a que continuades o relato percorrendo os restos deste vello cercado.

Seredes quen de atopar as sete portas que conectaban o interior da cidade co rural?

PORTA DE SAN  
\_RA\_C\_ \_ \_ O

PORTA DA \_E\_A

● Hostal dos Reis Católicos

PORTA DO  
\_AM\_Ñ\_

PORTA DA  
T\_ \_N\_D\_DE

● Praza da Catedral  
● Praza da Quintana

PORTA  
F\_X\_ \_ \_ A

● Praza de Abastos  
ARCO DE  
\_A\_ARE\_OS

PORTA DA M\_M\_ \_